

**Dirección Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Santiago de Compostela**

**CC.: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Edifícios administrativos - San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Santiago de Compostela**

**CC.: Deputación de Lugo
Rúa San Marcos, 8. 27001. Lugo**

**CC.: Deputación de Ourense
C/ Progreso, 32 - 32003 OURENSE**

**ASUNTO: Proxecto de construción dunha tirolina no Cañon do Río Sil,
entre os miradores de Matacás (Castocaldelas, Ourense) e o do Duque
(Monforte, Lugo)**

Os represnetantes dos colectivos abaixo asinantes,

EXPOÑEN:

A Deputación Provincial de Lugo ven de presentar para a súa aprobación en Pleno o orzamento para o ano 2019, nos que se inclúen 300.000 euros “para habilitar unha tirolina entre os Concellos de Monforte de Lemos e Castro Caldelas co obxectivo de contribuír ao fomento turístico da Ribeira Sacra”. Segundo informacións en prensa, dito proxecto tería reservada tamén outra partida de 300.000 euros no orzamento da Deputación Provincial de Ourense, contando ademais co apoio dos concellos de Monforte de Lemos e Castro Caldelas. Esta tirolina sería a segunda mais longa de Europa segundo se informa, conectando as ribeiras luguesa e ourensana do río Sil entre os miradoiros do Duque e Matacás, á altura da ponte entre Monforte e Castrocaldelas.

A área de actuación constitúe unha área prioritaria de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local dunha serie de

especies de aves incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas

segundo se recoñece na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, publicada no DOG do 1 de outubro, debido á presenza das seguintes especies:

- Voitre branco (*Neophron percnopterus*). Categoría CGEA: En Perigo.
- Gatafornela (*Circus cyaneus*). Categoría CGEA: Vulnerable.
- Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*). Categoría CGEA: Vulnerable.
- Aguia real (*Aquila chrysaetos*). Categoría CGEA: Vulnerable.
- Bufo real (*Bubo bubo*). Categoría CGEA: Vulnerable.

Por outra banda, é probable a presenza como nidificante nos cortados próximos do falcón peregrino (*Falco peregrinus*), especie incluída no Anexo I da Directiva Aves e Especie Silvestre en Réxime de Protección Especial.

Sobre o caso específico da presenza de aguia real, a propia Dirección Xeral de Patrimonio Natural é posuidora de datos sobre a súa presenza, tanto polos estudos encargados para o seguimento da especie a nivel galego nos últimos anos, como especificamente para os cañóns do Sil no estudio de seguimento de aves rapaces realizado recentemente.

Os Canóns do Sil constitúen polo tanto unha área de grandísima importancia para as aves rupícolas en Galicia, un grupo de especies pouco representado na nosa terra e que por tanto sería prioritario para a súa conservación, motivo polo cal a SGO solicitou a súa declaración como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) no último proceso de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, aínda non resolto.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural iniciou a declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de paisaxe cultural para a Ribeira Sacra, segundo a resolución do 21 de decembro de 2017 (DOG 246 do 29 de decembro de 2017), como o primeiro paso para o recoñecemento do valor cultural singular deste territorio, con características culturais materiais e

inmateriais singulares, obra combinada da natureza e o ser humano. Este territorio está a ser proposto tamén pola Xunta de Galicia para a súa integración en dous programas da UNESCO: a Lista de Patrimonio Mundial e o programa Man & Biosphere mediante a declaración dunha Reserva de Biosfera.

A instalación da tirolina pode supor unha degradación visual e paisaxística da Ribeira Sacra, poñendo en perigo a inclusión da Ribeira Sacra nestes programas da UNESCO. Por outra banda, suporía unha **degradación do hábitat das citadas especies catalogadas**, e un potencial impacto ambiental ao aumentar o **risco de mortalidade por colisión co cableado** da tirolina instalado directamente sobre a área de voo do canón do Sil (xa que actuaría de maneira similar a un tendido eléctrico a este efecto).

Debe terse en conta que todas as especies citadas presentes ben como reprodutoras, ben como áreas de alimentación, dispersión ou concentración local de especies forman parte do Anexo I da Directiva Aves e do Anexo IV da Ley 42/2007 de Patrimonio Natural y Biodiversidad, o que implica a **obriga por parte da Xunta de Galicia de adoptar as medidas precisas para evitar o deterioro dos hábitats e as perturbacións que afecten ás especies fóra da Rede Natura 2000** (artigo 46 da Ley 42/2007 e artigo 4 da Directiva 2009/147/CE).

Ante todo o exposto,

SOLICÍTASE:

Que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural:

- Avalíe o potencial impacto do proxecto sobre as especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas e do Anexo I da Directiva Aves presentes no Canón do Sil.
- Informe as Deputacións de Lugo e Ourense e aos concellos de Castro Caldelas e Monforte dos valores naturais e presenza na zona, onde pretenden levar adiante este proxecto, de especies de aves protexidas e

incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e no Anexo I da Directiva Aves, informando que unha obra e actividade deste tipo non é coherente e sustentable cos valores que presenta a zona.

- Non autorice en ningún caso unha actuación deste tipo.

En Santiago, a 18 de decembro de 2018.

Sociedade Galega de Ornitoloxía,
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN),
Grupo Naturalista Habitat,
Grupo Local SEO-Pontevedra,
Asociación Verdegaia,
Asociación Ecoloxista Anduxía,
asociación Amigos da Terra
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)